

# Xornadas de Antropoloxía Galaico-Ilicitana

---

## Descrición da actividade.

Dirixida por Xosé Lois Vilar e Rafael Lores por parte do Instituto de Estudos Miñoranos e por Santiago Lores do Instituto Victoria Kent de Elx, foi esta a primeira das actividades realizadas polo IEM en colaboración con centros de ensino.

Tratouse pois dunha actividade fundamentalmente didáctica que consistiu basicamente na elaboración dun traballo de campo por parte dos alumnos de ámbolos dous centros e unhas xornadas de convivencia para o intercambio de información e a realización de actividades conxuntas.

## Obxectivos

- 1.- Descubrir as orixes do ser humano ao través das orixes da cultura.
- 2.- Recoñecer manifestacións culturais primitivas no lugar onde se producen.
- 3.- Investigar o sentido e xustificación de tales manifestacións.
- 4.- Intercambiar ideas, coñecementos, experiencias e opinións con alumnos de distintos centros.
- 5.- Concienciar ao alumnado da importancia do descubrimento, coidado, mantemento, análise e estudo das manifestacións culturais primitivas.
- 6.- Descubrir a riqueza cultural que supón a mestura de culturas e o intercambio de ideas, costumes, coñecementos, etc.
- 7.- Iniciar aos alumnos nos métodos de investigación científica, no campo da antropoloxía e arqueoloxía.

## Destinatarios

Alumnos e alumnas de 4º de ESO do IES Victoria Kent de Elx e alumnos da Residencia do Colexio Panxón

## Metodoloxía

Os dous centros organizan os grupos e inician os traballos de campo no seu contorno.

### **IES VICTORIA KENT DE ELX**

Preparación do caderno de campo

Preparación do material sobre Elx para expor en Nigrán:

- Visita a Alcudia
- Visita ó Museo Arqueolóxico
- Visita ós Baños Árabes
- Recollida de documentación gráfica, audiovisual e escrita da cidade de Elx, para expor no Concello de Nigrán.

### **RESIDENCIA COLEXIO PANXÓN**

- Elaboración dunha ficha para o estudo dos petroglifos, castros e mámoas.
- Visita e estudo dos petroglifos de Monteferro e Baiona.
- Visita e estudo do castro do Tegra.
- Elaboración de documentación.

**PROGRAMA DE TRABALLO DAS XORNADAS  
( 22 Ó 25 DE MAIO)**

Domingo 22

Recepción do grupo de Elx

Luns 23

Mañá: Encontro e presentación dos dous grupos de traballo. Primeira saída ó campo. Obxecto de investigación: os petroglifos.

Tarde: Montaxe da exposición sobre Elx no Concello de Nigrán. Cea. Xuntanza do grupo.

Martes 24

Mañá: Segunda saída ó campo. Obxecto de investigación: as mámoas. Recepción por parte do Sr. Alcalde de Nigrán. Xantar.

Tarde: Visita guiada á Foz. Cea. Xuntanza de grupo.

Mércores 25

Mañá: terceira saída ó campo. Obxecto de investigación: os castros. Xantar.

Tarde: Visita á cidade monumental de Tui e á Fortaleza da cidade de Valença do Minho. Cea. Posta en común e avaliación do intercambio.

Xoves 26


Fóra de programa os alumnos do Instituto Victoria Kent fixeron unha visita guiada a Pontevedra visitando a cidade e o Museo.

A valoración da actividade por parte dos alumnos e dos responsables foi moi positiva, non soamente no aspecto estritamente académico, senón tamén nas experiencias e vivencias de carácter social e persoal, manténdose actualmente relacións co centro e entre os alumnos.

## Exposición de Petroglifos

**O**s membros da sección de Arqueoloxía e Prehistoria do IEM Rafael Lores e Xosé

Lois Vilar Pedreira emprenderon o traballo de compoñer unha exposición sobre as principais representacións de arte rupestre do noso país. Para isto dividiron o traballo en tres etapas: a primeira, bibliográfica; a segunda, a visita ós monumentos procedendo á fotografía e calcado das superficies inscultradas;



No momento da conferencia previa á inauguración (Foto: R. Estevez)


e logo da selección do material compuxéronse uns paneis explicativos con texto, fotos e debuxos que documentaban os calcos a tamaño real de petroglifos como a Laxe dos Cebros de Cotobade, os labirintos de Mogor, Armenteira e Marzán, as espirais da Laxe das Rodas (Muros), a posible trampa da Cova da Bruxa (Muros) co cervo macho ou, xa do Val Miñor, o impresionante conxunto bélico da Auga da Laxe en Vincios, ou en Tebra a combinación de circos concéntricos de maiores dimensións do continente, emprazada no Monte Tetón.

A intención da composición da exposición foi múltiple, polivalente. Tentamos achegar á xente a evidencia dunha riqueza artística dun valor estético e histórico incalculable, así como deixar patente que as Rías Baixas, e no noso caso o Val Miñor, non se compoñen só de praias e lugares de divertimento; os nosos montes acubillan un tesouro artístico que descoñece o gran público e que, por desgracia, ignoran as nosas autoridades. Esta é outra das intencións: sensibilizar a quen corresponda –Xunta, Comunidades de Montes, concellos, asociacións de veciños ...- sobre a arte rupestre datada dende hai ó redor de 4500 anos e que sofre un deterioro galopante (pistas, cortas, lume, maltrato dos visitantes ...) que fai temer pola súa integridade física e incluso pola súa vida, que a ten.


A exposición comezou a súa andaina na Casa da Cultura de Gondomar, onde o home que máis traballou pola arte rupestre no noso país impartiu a conferencia inaugural. Foi Antonio de la Peña Santos quen dividiu a disertación en dúas partes ben diferenciadas. A primeira versou sobre a historia da investigación, a tipoloxía e a interpretación dos gravados. A segunda parte foi unha vívida denuncia do estado de abandono e destrución do conxunto da arte rupestre das Rías Baixas.

Logo os paneis e os calcos viaxaron ó polideportivo de Panxón, onde inaugurou a exposición F. Javier Costas Goberna poñendo máis énfase en exemplos do Val Miñor e costa sur da provincia de Pontevedra, froito de máis de vinte anos de traballo de campo e de gabinete que fixo elevar exponencialmente o número de estacións coñecidas ó sur da ría de Vigo.

A seguinte parada efectuouna no centro Torrente Ballester de Baiona, cunha masiva visita, e de aquí trasladouse da man de Pedro Cabarcos ó IES Monte Castelo de Burela, onde Rafael Lores



Burela, Tui, Pontearreas, O Porriño, Camos, Goián... foron algunhas das localidades polas que pasou a exposición. (Foto: R. Estevez)



Calcos na exposición de petroglifos en Pontearreas. (Foto: R. Estevez)

e Xosé Lois Vilar Pedreira informaron a alumnos e mestres do centro sobre unha allea realidade artística para as xentes do NE de Galicia.

A Asociación Cultural Eliseo Alonso do Baixo Miño acolleuna no Centro Goianés e foi inaugurada polos mesmos membros do IEM que o fixeron en Burela. De aquí trasladouse ó Instituto San Paio de Tui a petición do profesor Rafael Prego, ó Museo Municipal de Pontearreas, solicitada polo seu director Rafael Sánchez Bargiela, e despois ó Centro Cultural do Porriño da man de Albino Alonso.

Regresou de novo ó Val Miñor. A profesora Pilar Barreiro do 1º curso de Primaria levouna ó colexio "A Cruz" de Camos. Logo de preparar, durante varias semanas, ós alumnos sobre o coñecemento dos petroglifos e outros aspectos da pre-

historia, a exposición clausurouse cunha charla de Xosé Lois Vilar Pedreira ós devanditos alumnos xunto cos da escola infantil de Balinfra, ben levada polas profesoras Juana Silva e Carmen Campo Gándara, e unha excursión conxunta á estación de arte rupestre dos Campos situada nas parroquias de Baña e Santa Cristina da Ramallosa.

A exposición xa ten varias citas previstas para As Pontes, o Instituto de Nigrán e a Casa da Cultura de Camos.

## Protocolo de colaboración entre a Asociación Cultural Eliseo Alonso (ACEA) e o Instituto de Estudios Miñoranos (IEM).

**O** 16 de novembro de 2001 con motivo da inauguración, no Centro Goianés, da exposición "Os petroglifos" que organizou o IEM baixo a dirección de Xosé Lois Vilar e Rafael Lores, procedeuse á sinatura dun convenio entre a Asociación Cultural "Eliseo Alonso", representada pola súa Presidenta Rita Alonso Pérez e o Instituto de Estudios Miñoranos, representado polo seu Director Carlos Méixome Quinteiro.

No Acordo-Marco, despois dunha serie de consideracións, establécense once cláusulas polas que se rexe esta colaboración que ten como obxectivo fundamental o manifestado na segunda das mesmas:



Directivos de ambas entidades no acto de sinatura.

(Foto: R. Estevez)

*"O propósito deste convenio é realizar actividades e proxectos en forma conxunta naqueles asuntos que resulten de interese para ambas institucións, entre as cales, en forma enunciativa pero non limitada, menciónanse as seguintes:*

- 1. Organización e realización de actividades, tales como: cursos, conferencias, simposios ou seminarios.*
- 2. Intercambio de información, publicacións, traballos de investigación e de calquera tipo de materiais que resulten de interese.*
- 3. Intercambio e colaboración en todo tipo de proxectos culturais de interese común (exposicións, mostras...)*
- 4. Cesión de instalacións e colaboración na creación de infraestructuras.*
- 5. Poner a disposición dos membros de ambas institucións os medios de cada unha (biblioteca, locais, etc...) para a realización de traballos de investigación.*
- 6. Cantas outras sexan consideradas de interese mutuo, dentro das disponibilidades das partes."*

O convenio serve para consolidar as relacións, que xa viñan de antes, entre a entidade miñota e a miñorana a fin de impulsar actividades e proxectos culturais nas respectivas comarcas. A mellor mostra da eficacia do mesmo é que no escaso tempo transcorrido dende a súa sinatura as dúas entidades colaboramos xa na organización de tres exposicións: "Os petroglifos", "Casas de paxaros" e "Galicia e América", así como na edición dun fermoso programa de actividades conxunto.



## Presentación do nº 3 dos cadernos do IEM

---

O primeiro de decembro de 2001 tivo lugar no Auditorio "Lois Tobío" de Gondomar a presentación do Caderno nº 3 do IEM titulado *A biomasa forestal e o seu aproveitamento. Un proxecto para o Val Miñor*.

No acto estiveron presentes, ademais dos autores do proxecto Fernando Lahuerta Mouriño, Marcos Estevez Malvar e Xosé M. Vila Fernández, o Presidente da Mancomunidade de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común do Val Miñor, Latino Rodríguez Areal, quen foron presentados polo Director do IEM Carlos Méixome Quinteiro.

A publicación deste caderno foi posible gracias á colaboración entre o IEM e a Mancomunidade de Montes do Val Miñor e con el "preténdese dar a coñecer o Proxecto tanto aos concelleiros coma a todas aquelas persoas interesadas no aproveitamento sostible e integral do monte", sinala Latino Rodríguez, na súa presentación, na que indica tamén que "a idea de aproveitar a biomasa forestal xurdiu, no seo da Mancomunidade de Montes do Val Miñor, para dar solución axeitada ós restos vexetais orixinados nos labores forestais (cortas, limpeza, podas ....). Residuos que ou ben se queiman ou ben fican espallados polo monte co conseguinte perigo de lumes.

O propósito de empregar para a produción de compost a biomasa forestal, algas e restos de podas de espazos municipais, e acompañalo dunha Aula de Interpretación do Monte Veciñal, ademais de integrador e innovador, é un proxecto sostible. Pois a dinámica da produción estará sempre dictada polo monte e os labores silviculturais que nel se realizan."

O Presidente da Mancomunidade de Montes do Val Miñor apunta tamén que "ata hoxe, a Mancomunidade ten presentado este plano en diferentes instancias (...), co ánimo de conseguir axuda e colaboración que permitan convertelo en realidade."

## Presentación do nº 4 dos cadernos do IEM. Os nomes de Gondomar.

---

Coa presenza do prof. da U. de Vigo, membro do Instituto de Estudos Miñoranos e un dos mellores coñecedores da toponimia galega, Gonzalo Navaza (na actualidade dirixe o traballo sobre microtoponimia do Val Miñor), o mércores 20 de febreiro tivo lugar, no salón de actos da Casa da Cultura



*A autora conversando tras da presentación. (Foto: A. Bouzó)*

de Gondomar, a presentación do nº 4 dos Cadernos do IEM titulado *Os nomes de Gondomar* do que é autora a profesora, e membro da Xunta de Goberno do IEM, María Xosé González Chamorro.

A profesora González Chamorro indica na introducción do seu traballo que "O obxectivo esencial desta publicación é intentar que todos os valmiñoranos, neste primeiro caderniño centrado na toponimia, os gondomarenses en particular, coñezan mellor o sitio no que viven a través da súa denominación. Que cando digan Mañufe, Regodauga, Fontán, Donas ou Gondomar, estean un pouco máis preto deles a través do coñecemento da orixe e o significado do seu nome. (...)

Trátase, modestamente, dunha pequena contribución para que as xentes saiban ler nos topónimos, só así se poden respectar e protexer das tantas agresións sufridas ao longo dos séculos, e aínda, por desgracia na actualidade, están a sufrir. Sensibilizar ao público en xeral ante fenómenos de castellanización que deforman os nomes tradicionais é outro dos seus obxectivos.

Os nomes dos nosos lugares, sen dúbida, ensínanos aqueles vestixios do pasado que non teríamos xa doutro xeito, vestixios fosilizados, certamente, pero que, como di o sociolingüista Louis-Jean Calvet "aínda falan, testemuñan e restituíennos a historia da nosa lingua". A toponimia é por tanto testemuña viva das diversas circunstancias que un pobo sofre ao longo do tempo, un patrimonio cultural que se debe conservar e respectar.

Non pretende tampouco esta publicación dar conta de todo o caudal toponímico do concello de Gondomar. Por razóns obvias de extensión e divulgación non se aborda a microtoponimia gondomarenses, senón que me centro exclusivamente na toponimia maior, isto é, a referida aos núcleos de poboación, limitándome por tanto ao comentario do nome das parroquias e os seus barrios ou lugares."

Este novo número dos Cadernos do IEM foi posible gracias á colaboración entre o Instituto de Estudos Miñoranos e a Concellería de Cultura de Gondomar.

---

## Quince anos enterrando a Sardiña (1987 - 2002)

---

Unha das celebracións máis populares do Entroido miñorano é, sen dúbida, o enterro da Sardiña que cada ano se celebra en Gondomar, ou na Paradela se atendemos ao lugar no que a Dona Sardiña acostuma a asinar as súas sempre bondadosas coplas. No nº 5 dos Cadernos do IEM recóllense as coplas dos últimos quince anos precedidas, nalgúns casos, das actas correspondentes asinadas por ilustres notarios de pluma áxil e riseira, entre eles Alfonso Álvarez Cáccamo, Carlos Casares, Anxel Vence, Armesto Faginas, Víctor Viqueira ou o lembrado Nano Cambeiro.

O enterro gondomareño non é de agora, aínda que moitos así o poidan pensar. Nunha publicación de 1959 recóllense as coplas testamentarias de dona Sardiña Xouba do ano 1927. O Notario non asina o documento, mais sabemos que o ilustre redactor foi Pablo Nieto Virostra e o lector do mesmo Felix Álvarez Calvo, que cumpriu con tal labor dende o balcón



da taberna de Bernardo Losada. Asinaron como testemuñas: "ás escuras, ao compás dunha milonga e mentres o amo da casa adormentaba unha mona, Pepe Chiquirrichi, Pepiño Penisco, Marcelino Latoneiro, Cabaco Pequeno e algún outro..."

As coplas teñen como tema recorrente as "aventuras e desventuras amorosas" de algúns veciños e veciñas. Comezando polos solteiros e viúvos como

Pepe e Constante de Lis  
Laureaniño d`a Galana  
Esquerdo, Garrit, Roberto,  
y-os sobriños de Losada  
chamados, Luís, o máis vello,  
e Pepe, o que da PATADAS;  
y-algúns outros, xa viudos  
-inda que lles fai boa falla-  
com`a Rogelio Lorenzo  
y-o do cravel na solapa.

Non ê por medo a ter fillos  
Nin por sel-a vida cara  
A razón por que prefiren  
non meter muller na casa;  
é que son homes corridos  
e mirand`o que pasa  
y-atendendo ô que fixeron  
da chola non se lles marcha  
o refrán: "a ferro morren  
aqueles qu`a ferro matan".

Dona Sardiña lembra que cando chegou nunha motora a Baiona xa a estaba agardando

outro fillo da Galana,  
un que é mui habilidoso  
que o mesmo que o pelo rapa  
sabe amasar pan trigo,  
entende de andar coa tralla,  
e cando ten que enfornar  
sube de noite a Vilaza  
xuntamente co Espiñeira  
e cun fillo da Pastrana.

A principal fonte de información de Dona Sardiña foron as peixeiras, ás que puido escoitar pouco tempo pero o suficiente como para decatarse ben do que sucede en Ripote.

Feira do Doce e Gaiandas  
Bravo, Cotro e Ameixeira  
Bairro da Igrexa e Triana.

As informadoras de Dona Sardiña eran:

Encarnación a Mosqueira  
Aurelia, Lidia, Pastrana  
duas Matildes, Generosa  
unha filla da Salvata  
e, si mal non recordo  
outra do Choca na Raia.

As mencionadas falaron dun señor que por alí pasou ao que chamaron "pinturero"  
por levar fror na solapa  
de envexa por que é bonito  
e non lles mira para cara

Tamén falaron doutro mozo

algo aficionado á caza  
que empezou en Villarés  
veuse correndo a Triana  
marchou dereito a Mañufe  
e viu mallar as Gaiandas  
e caseque sempre deixou  
proba do ben que apuntaba.  
Sin que se sepa hasta agora  
si pensa darse de baixa  
e colgala carabina  
para non seguila matanza.

En fin, falaron dun "mozo garrido e roxo que habita cerca da praza", doutro "señor madu-  
riño que gasta coello de prancha" e tamén dun "home que xa ten netos e para pouco na  
España", daquel que "entrou de dependente e hoxe ten parte na casa", dun "de nariz aguzada  
e que sabe de carpinteiro" e de moitos outros. Tantos foron afiados polas linguas das peixeiras  
que a Dona Sardiña remata:

Si todo canto falaron  
e verdade, por disgracia,  
a volta de vinte anos  
está a poblacion dobrada  
e se a xente nova sae  
como é de esperar que saia

estou mirando en Triana  
eletricistas, canteiros,  
quen venda carne de vaca,  
procuradores, maestros  
e médeco si fai falta.

Así pois, as coplas satíricas de dona Sardiña veñen de lonxe. Nos primeiros anos oitenta a tradición, adaptada aos tempos, recuperouse. Cando repasen as coplas poderán lembrar as próteses dentarias a cargo dos orzamentos municipais, o Casón embarrancado nas costas de Fisterra, os éxitos financeiros de Mario Conde, as andanzas de Juan Guerra, Ruiz Mateos, Rubio e outros, a chegada dos semáforos a Gondomar, a piscina que non chegou, as promesas electorais que tampouco, os fastos do 92, o Anno Horribilis de Isabel Seghunda a inghlesa que vive en Baquinghan e foi sogra de Leidi Di, a "becaria" Lanviska, a espondilite esponxiforme, etc., etc., e ao tempo rememorar as venturas e desventuras das personalidades públicas locais.

No acto de presentación do Caderno do IEM estiveron presentes dúas das persoas que, entre outras moitas, fixeron posible a recuperación do Entroido en Gondomar: Xosé Luís Mosquera dende a Concellería da Cultura e o portavoz do BNG Antonio Araúxo.

O primeiro sinalou que: "recuperadas as liberdades, un grupo de veciños, por iniciativa propia e máis tarde con apoio do Concello, retomaran aquela tradición e elevaran aqueles folletos á categoría de anuarios da vida política, social e cultural de Gondomar. Un documento máxico e onírico á vez, non exento de abundantes doses de realismo que deixa constancia para a posteridade de que o Entroido é tempo de mudanza, de demos, de trasnos, de meigas, do mundo ó revés, de como as mulleres se visten de home e os homes de muller, de como as promiscuas se disfrazan de monxas e os sementais de frades, de como o hetero se converte en homo e este en aquel pasando por encima da legalidade vixente.

E todo isto ó alcance de todos. Con gran liberdade e tolerancia para a crítica e a sátira, con total desenvoltura e a licencia máis atrevida en clave de solfa e con moito, moito divertimento, os testamentos pasaron revista ós acontecementos do ano, despois de ocuparse de persoeiros e personaxiños da bisbarra cun protagonismo especial para os políticos municipais que non se escapan de abundantes mofas, tal e como figura no mandato das coplas neste tempo de transgresión."

Antonio Araúxo lembrou a aquel "fato de rapaces e rapazas de Gondomar convencidos do momento histórico que nos tocaba vivir e da irrenunciable tarefa de poñerlle as pilas ao Concello.

O embrión revolucionario para tan encomiable empeño estaba formado inicialmente por Toñito Caeiro, Tonio Chuvias, os irmáns Araúxo, Carlitos de Barrabí, Manolo Penedo, Isa de Marina, Loli, Cali, Xulio, e Manola do Bravo, medrando cos anos coa incorporación de novos adeptos que abrazaron a causa con auténtico fervor, destacando entre os conversos o Paco de Mañufe, Olguita, Alvaro Lores, Pepe Valverde e o chorado Nano Cambeiro. (...)

Daquela a "dirixencia" do proceso en marcha tiñamos que conformarnos con facer as reu-

nións na vella tenda de Antonio de Louriana, e con escribir os nosos inspirados manifestos en papel de envolver enriba dun mostrador. Non era doado atrapar a unhas Musas que se nos ofrecían esquivas entre aquela mestura de recendos a especies con Persil, ou a xabón de Lagarto con bacallao salgado, e fuxidías entre as sacas de nitramón e de tercerilla para os porcos. En fin aquela precaria inspiración sempre era substituída pola imaxinación e a disciplina militante."

Acompañáronnos tamén dúas plumas miñoranas, chegando dende Sabarís o xornalista Víctor Viqueira e dende Vilariño Carlos Casares. Ambos actuaron no seu momento como notarios das últimas vontades de Dona Sardiña. O primeiro en 1998 presentándose como "Ante min mesmo, D. Víctor Viqueira, notario do moi ilustre colexio asolagado "Rodríguez Márquez"; o segundo, en 1994, iniciou o seu documento "Na vila de Gondomar, a día 16 de febreiro de 1994, ante min, Carlos Casares de Xinzo, veciño do Val Miñor, contador de historias e de contos, Notario Maior ocasional por decisión dun habitante deste concello que democraticamente me nomeou para desempeñar o meu labor (...)".

Víctor Viqueira no seu ton habitual provocou as gargalladas dos asistentes que enchían o salón de actos da Casa da Cultura de Gondomar aquel sábado 23 de febreiro. Pechou o acto Carlos Casares cun fermoso e sosegado discurso sobre a tolerancia e a convivencia, poucos días antes da mañanciña daquel triste 9 de marzo que o afastou fisicamente de nós.

## Presentación do libro *Santos e difuntos* de Gonzalo Navaza.

---

O pasado 19 de abril, o IEM encetaba na Casa da Cultura de Gondomar unha nova actividade co ánimo de que tivese continuidade noutras datas: a presentación de novas publicacións relacionadas dalgunha maneira co Val Miñor, ben polo seu autor, ou ben polo contido das mesmas.

Presentouse deste xeito o acto como un espacio aberto, onde todos os homes e mulleres en contacto coa cultura dos libros (narradores, poetas, investigadores, editores, lectores, etc.), pudiesen ter un acubillo, aquí, no Val Miñor, para poder presentar e falar das súas obras máis recentes.

Nesta ocasión, a primeira pois destas actividades, contouse coa presenza de Manuel Bragado, director de Edicións Xerais, que como tal nos introduciu no universo literario de Gonzalo Navaza, autor abondo coñecido no Val Miñor, non tanto como creador senón como especialista en toponimia, e colaborador tamén noutras actividades do IEM.

Logo dunha breve semblanza biográfica de Gonzalo Navaza, na que Manuel Bragado destacou os moitos quefaceres do autor (o seu traballo como profesor na facultade de Filoloxía e Traducción de Vigo, o seu labor de lexicógrafo, traductor, e a súa faceta como internauta en *E ti o navío na noiva noite*, unha páxina de referencia para os amantes da literatura), deuse paso ao comentario especificamente literario de G. Navaza como escritor; primeiramente, como poeta, como creador de tres poemarios publicados ata o de agora: *Fábrica íntima*, *A torre da derrotA*, un dos libros máis singulares da literatura galega, escrito en versos palindrómicos, isto é, que se len igual do dereito coma do revés, e *Libra*, polo que obtivo no 2001 o Premio Nacional da Crítica na modalidade de poesía galega.

E en segundo lugar o narrador, que comeza co título de *Erros e Tánatos*, un conxunto de dez relatos breves, para continuar coa obra obxecto desta primeira presentación de novas publicacións que inaugura o IEM: *Santos e difuntos*, a súa, como dixemos, polo momento, última publicación. Trátase, pois, da súa segunda incursión na narrativa. Un contiño breve, acompañado das ilustracións de Ramón Trigo, de lectura moi amena, co que nos deleitou o mesmo Gonzalo Navaza no acto, que baixo a aparencia dun feito biográfico agóchase, coma case sempre na súa obra, unha mirada irónica, agora destinada a eses programas televisivos



M<sup>a</sup> Xosé González, Gonzalo Navaza e Manolo Bragado durante a presentación do libro. (Foto: A. Bouzó)

que promoven reencontros de familias de emigrantes despois de moitos anos sen verse. Temos pois na súa sinopse a un galego, emigrado a Brasil desde hai cincuenta anos, que recorre á tv. para atopar aos seus parentes perdidos, pero batemos coa realidade da impostura cando descubrimos que todo é unha farsa, unha artimaña do protagonista para quedarse co capital do verdadeiro tío Amadeo.

Ironía, espontánea e sutil, entroncada coa técnica tradicional do contar claro, seguido e ben, foi a lección que aprendemos de Gonzalo Navaza nesta súa presentación de *Santos e difuntos*.

## Ciclo de Conferencias sobre frei Martín Sarmiento. Letras Galegas 2002.

O pasado mes de maio, dentro da axenda cultural das Letras Galegas, o IEM, en colaboración coas concellerías de cultura de Nigrán e Gondomar e co concello de Baiona, organizou un ciclo de conferencias en torno á figura de frei Martín Sarmiento, que se impartiron, cun destacado número de público asistente, nos tres concellos do Val Miñor.



Conferencia sobre Frei Martín Sarmiento en Baiona. (Foto: A. Bouzón)

Foron, por tanto, tres as conferencias e cinco os estudiosos, cada un no seu eido e co seu estilo particular, cinco visións diferentes que nos achegaron ben polo miúdo, á vida, á obra e ao tempo desta figura clave no eido filolóxico e sociolingüístico do galego, ademais de ser unha das máis relevantes do movemento ilustrado español do século XVIII.

A primeira delas tivo lugar o 2 de maio, no Salón de Plenos do Concello de Nigrán, e contou coa presenza do profesor Henrique Monteagudo. Deixouse notar no acto a ausencia de Carlos Casares, que tiña apalabrada a súa colaboración antes do seu pasamento, como así se fixo sentir na presentación cunhas palabras de homenaxe á súa obra *A vida do padre Sarmiento*.

O relatorio de H. Monteagudo, doutor en Filoloxía Galega e investigador do Instituto da Lingua Galega, despois dunha breve presentación da personalidade de Sarmiento, xirou en torno á súa monumental obra manuscrita, redactada, como así era o seu desexo, non con miras a ser publicada, e espallada hoxe por varias bibliotecas. Nunha delas, concretamente nos fondos da Biblioteca Nacional de Madrid, foi onde o noso convidado recentemente atopou o orixinal autógrafo da única obra que escribiu Sarmiento en galego, o seu *Coloquio de 24 gallegos rústicos*. Precisamente reunir toda a súa obra (cálculase que só unha quinta parte pasou polo prelo), dixitalizala, transcribila e editala criticamente forman parte a longo prazo do "Proxecto Sarmiento" do Consello da Cultura Galega, do que H. Monteagudo é o seu secretario.

A segunda das conferencias na Casa da Cultura de Gondomar, o 7 de maio, estaba prevista con dous destacados especialistas no pensamento e na obra de Sarmiento respectivamente: Pilar Allegue e X.L. Axeitos, aínda que deste último tivemos que lamentar a súa ausencia debido a un imprevisto. Ausencia ben sentida, xa que este discípulo do profesor



Conferencia sobre Frei Martín Sarmiento en Gondomar. ((Foto: A. Bouzó)

recentemente falecido da Universidade de Salamanca, J.L. Pensado, quen pasou máis de 50 anos dedicado ao estudo da obra de Sarmiento, sería un interesante complemento ao relatorio da profesora de Filosofía do Dereito da Universidade de Vigo, Pilar Allegue, que nos "iluminou" a todos os presentes cos seus vastos coñecementos sobre o "Século das

Luces". Un século ambiguo, ambivalente, que defende o criticismo, a liberación dos autoritarismos e o emprego dos métodos analíticos, e onde os homes, e tamén as mulleres, reivindicaban os seus dereitos. Un século, segundo a relatora, do que frei Martín Sarmiento é un claro expoñente, cultivando un empirismo racionalista sentimental que o converte nun precursor do romanticismo, case na mesma liña que Rousseau.

E rematamos este ciclo coa derradeira conferencia, que tivo lugar na Biblioteca Municipal de Baiona o 10 de maio. Contouse nesta ocasión coa presenza de Ramón Mariño Paz, doutor en Filoloxía Galega, e con Antón Costa Rico, doutor en Ciencias da Educación e un dos creadores do movemento de renovación pedagóxica "Nova Escola Galega". Este último centrou o seu relatorio na preocupación de Sarmiento polo campo do estudio e da formación pedagóxica dos nenos. Son bastantes as obras nas que este tema é abordado polo erudito ilustrado, unha presenza ademais singularmente atenta ao espazo contextual galego. Por unha banda aparece como o gran crítico do sistema tradicional, fronte ao que defende unha educación baseada na comprensión da natureza próxima, fuxindo tanto da memorización irracional como da disciplina excesiva; e por outra propón a realización dun ensino en galego, onde fai notar que é unha tiranía ensinar o latín en castelán, anotando Costa Rico, para rematar o seu discurso, que foi Sarmiento un dos primeiros teóricos en España en materia pedagóxica.

Polo que respecta ao relatorio de Ramón Mariño, este xirou en torno ó punto de vista sociolingüístico, as actitudes lingüísticas derivadas da consideración do galego na época como lingua "rústica e groseira", non apta para o rexistro formal e desbotada da escrita. Se moitos son os aspectos relacionados coa lingua tratados por Sarmiento (o problema da orixe da linguaxe, a etimoloxía, as familias lingüísticas, a conformación das linguas románicas, etc.), é o seu compromiso coa lingua e o papel que esta debía ocupar na sociedade galega o eixo desta interesante charla chea de rigor científico.

Así concluíu este ciclo de conferencias en torno ás Letras Galegas 2002, cremos que seguido cun notable interese por parte dos valmiñoranos que asistiron e do que nos quedou o



pouso da figura de frei Martín Sarmiento: unha das máis sobranceiras da cultura ilustrada do XVIII, un dos primeiros e máis particulares estudiosos do noso idioma. Un amante do saber racional e unha persoa que dixo algunha vez que nada facía, dicía ou escribía sen ter o seu pensamento en Galicia.



## Dous filmes de José Gil no Val Miñor

---

**A** colaboración do Consello da Cultura Galega fixo posible que o Val Miñor puidese contemplar dous dos filmes máis significativos do cineasta José Gil: *Nuestras fiestas del allá* e *Galicia y Buenos Aires*. As dúas películas foron restauradas gracias á colaboración entre o Arquivo da Imaxe do Consello da Cultura Galega e o Centro Galego de Artes da Imaxe.

Primeiro proxectáronse no Auditorio "Lois Tobío" de Gondomar, logo no Auditorio "Quinto Centenario" de Baiona en colaboración coas respectivas concellerías de Cultura. Posteriormente, no Centro Cultural de Camos, no de Chaín e en Vincios.

A actividade cinematográfica de José Gil levouno a ofrecer os seus servizos de produción ás sociedades galegas de América trala inauguración dos novos talleres de Galicia Cinegráfica, en 1927. Froito destes contactos xurdiu o proxecto *Nuestras fiestas de allá*, que foi financiado pola "Unión de Hijos de Morgadán" en Montevideo, cun capital que roldaba as 2.500 pesetas. Durante todo o verán de 1928, Gil percorreu coa súa cámara os principais escenarios e as festas máis representativas do Val Miñor. Hoxe a película recuperada amosa con frescura as vidas daquelas xentes que nos precederon; é un documento único e insubstituíble. *Nuestras fiestas de allá* estréase o 14 de marzo de 1929, no Teatro Ariel de Montevideo. Na década dos oitenta un asociado dos "Hijos de Morgadán" depositou a cinta na Filmoteca Española, onde estivo ata a súa recuperación por parte das institucións galegas.

*Galicia y Buenos Aires* é un documental en dúas partes que reproduce escenas filmadas en Pontearreas. O filme segue unha orde lóxica: das faenas do campo, da agricultura e da gandería leva á feira de Pontearreas. A romaría da Ascensión, a inauguración do local sindical ao que asisten os nenos das escolas, onde a orquestra de Pontearreas interpreta o himno do xeneral Riego e a Marsellesa, completan o retrato dun pobo recién instaurada a República no noso país.

Dende estas páxinas o Instituto de Estudos Miñoranos bríndase a xestionar a proxección dos filmes de José Gil naqueles centros parroquiais que o desexen.



## Casas de Paxaros

---

**A**o longo do mes de abril no CEIP Humberto Juanes de Nigrán e durante o mes de maio na casa da Cultura de Gondomar estivo aberta a exposición *Casas de paxaros*, organizada polo IEM en colaboración coas respectivas concellerías de Cultura e Educación.

A exposición consistiu nunha interesante colección de niños de paxaros que o profesor Xosé Manuel Hermida foi organizando con dedicación e doou ao Colexio Cruceiro de Vilalonga onde imparte clases. En 67 vitrinas, acompañadas de láminas con información sobre a especie e época de cría, puidemos observar as casas que constrúen as diferentes especies de paxaros para se reproduciren, e algúns outros animais que constrúen niños. Estes foron recollidos cando os paxaros os abandonaron ou despois de que remataran o ciclo completo da cría.

Os paxaros son uns grandes arquitectos, cada especie utiliza distintos materiais de construción e illamento para as súas vivendas onde crían a prole. Adáptanse ao medio de tal xeito que empregan toda caste de útiles para construír os seus niños e non só ramas, pallas ou plumas. Son sorprendentes os obxectos ben curiosos que empregan para facer a súa casa. Na exposición descóbrese que non todos buscan árbores ou matas para aniñar senón que algúns constrúen en lugares insólitos. Tamén hai outros animais que sen ser aves aniñan e na exposición pódense ver outras casas de mamíferos e insectos.

Xosé Manuel Hermida, o autor da exposición, sinala nun breve texto introductorio como foi recollendo ao longo do tempo estas vivendas de paxaros:

UN GRAN ESFORZO,  
PARA NON OU PARA SI,  
OU PARA QUEDAREN AÍ,  
E AO ANO SEGUINTE  
NON VOLVEREI A TI.

*Esta pequena mostra, atípica para uns, lóxica para outros, anti-natura para uns poucos, é o froito do traballo de moitos anos de observación e recolleita das vivendas dos paxaros, algunhas delas por abandono, outras porque foron depredadas (saqueadas) polo home ou outros animais, as máis porque remataron o ciclo completo da cría.*

*A idea de recoller as construcións que con tanto empeño e esforzo fixeron, fan e farán os paxaros na época da cría e que logo abandonan a meirande parte deles, forxouse na miña mente aló polo ano 1984, cando residía en Dena (Concello de Meaño).*

*Por fortuna atopeime cunha das obras máis fermosas destes pequenos animais e que máis me chamou a atención, pois desde moi pequeno coñezo case todas as construcións do resto de paxaros que viven na zona. Esta marabilla foi, nin máis nin menos, o niño do Picaxuncos*

( "buitrón" en castelán e "paxaro xastre" segundo Rodríguez de la Fuente). Atopeino unha tarde na beira do río da Chanca, nos Pasales, Dena, e como a obra deixoume abraiado, animoume a conservalo.

A partires desa data comecei a recoller algunhas das obras arquitectónicas que aquí se mostran. Coa axuda tamén de compañeiros, pais, alumnos, exalumnos e veciños.

### AMOESTACIÓNS AOS PAIS E NENOS

*Como coordinador deste traballo pido que ninguén colla un só niño sen ter a certeza de que está abandonado, que foi saqueado ou que xa rematou o seu ciclo.*

*RESPÉCTAME CANDO TEÑO VIDA, LÉVAME SE ME PRECISAS, MÓSTRAME A  
HOMES, MULLERES, NENOS/AS  
PARA QUE ADMIREN O MEU TRABALLO.*

XOSÉ MANUEL HERMIDA GONZÁLEZ

Só nos resta agradecer ao prof. Xosé Manuel Hermida a súa disposición para que esta exposición visitase o Val Miñor e á AC Eliseo Alonso as xestións para que fose posible.



*Numerosos escolares e veciños visitaron a exposición "Casas de Páxaros" (Foto: A. Bouzó)*

# A exposición GALICIA E AMÉRICA (Cinco séculos de historia) do CONSELLO DA CULTURA GALEGA no Val Miñor

**E**ntre o 11 de xuño e o 12 de xullo, na Casa da Cultura de Gondomar, púidose contemplar a exposición "*Galicia e América (Cinco séculos de historia)*" que realizou o Consello da Cultura Galega.

O obxectivo principal desta exposición é ofrecer unha visión necesariamente sintética, pero coherente e sistemática, que articula numerosas achegas individuais do estado do noso coñecemento sobre a pegada de Galicia en América e da influencia na nosa vida económica, social e cultural dos homes e mulleres que viviron naquel continente. E facelo dun xeito tal que combine o rigor e a claridade necesaria para pór ao alcance dun público moi amplo

os resultados obtidos a través de numerosas investigacións científicas. Máis de corenta especialistas contribuíron cos seus coñecementos, o seu traballo e o seu entusiasmo, e que os deseñadores materializaron nun eficaz instrumento de comunicación.


En seis grandes capítulos ( 1. A VIAXE. Galegos cara ó Novo Mundo; 2. A CHEGADA. Os galegos na Terra Prometida; 3. FILLOS DE GALICIA. Galegos na construción das nacións americanas. 4. A QUINTA PROVINCIA. Asociaciónismo e cultura da emigración; 5. O EXILIO. Unha nova presenza de Galicia en América; 6. O RETORNO. A influencia de



Adegas "*La Superior*" na Rioja argentina, propiedade do miñorano Manuel Lemos



Festa da Sociedade "*Hijos de Vincios Unidos*". Bos Aires 1935



O Concelleiro de Cultura X. Luis Mosquera; Marcelino Fernández do Arquivo da Emigración; o tenente de alcalde de Gondomar Alexandre Gómez e o Xerente do Consello de Cultura Antonio Montero na inauguración da exposición. (Foto: A. Bouzó)

América en Galicia.) e unha breve presentación previa da Galicia de hoxe, analízase a viaxe e maila chegada a América, as realizacións dos fillos de Galicia e as pegadas da súa presenza na que se chamou "a quinta provincia" e o exilio republicano. E por último, o capítulo máis amplo; o retorno dedícase á presenza de América en Galicia, subliñando as múltiples influencias na economía, a arte, as institucións educativas, a política, os costumes... da cultura americana, dos galegos de América e dos emigrantes retornados, incluíndose aqueles para quen o éxodo constituíu un fracaso vital.

Especial significado ten para o Val Miñor esta exposición. Baiona foi primeira receptora da nova do descubrimento colombino e as terras de toda América acolleron cos brazos abertos a centos e centos de miñoranos que alá foron na busca dun benestar que aquí non podían acadar e para enviar os cartos necesarios para redimir foros e converterse en propietarios. Entre o Val e América andaron moitos nos primeiros anos do século pasado; no Brasil, no Uruguai ou na Arxentina. Dalá viñeron fondos para erguer proxectos educativos anovadores como as escolas da Unión Hispano-Americana Pro Valle Miñor ou as escolas de Morgadáns; para proxectos urbanísticos como a Praia América ou para elementos suntuarios como o reloxo do Concello de Gondomar. Dalá viñeron algunhas poucas fortunas que, en parte, se investiron no desenvolvemento do Val Miñor, como as de Manuel Lemos ou Manuel Losada. Logo, na década dos corenta e cincuenta, outra enxurrada de xente miñorana colleu o mesmo camiño dos que o fixeran algunhas décadas antes.

Un pobo de emigrantes ten que comprender ben aos que, noutras latitudes, na actualidade, se ven impulsados á emigración ou aos descendentes daqueles que hoxe se ven obrigados a topar acomodo na terra dos seus antepasados.

A exposición do CONSELLO DA CULTURA GALEGA visitou Gondomar tralas xestións realizadas polo Instituto de



Manuel Losada, gondomareño emigrado na Arxentina.



Estudios Miñoranos e a Concellería de Cultura, e foi inaugurada nun acto celebrado o 11 de xullo no que interviron o prof. de Historia e Institucións Económicas da U. de Vigo Alexandre Vázquez González, en representación do Arquivo da Emigración do Consello da Cultura Galega, e o Primeiro Tenente de Alcalde do Concello de Gondomar, Alexandre Gómez, presentados polo Director do IEM, Carlos Méixome, e coa presenza do xerente do Consello da Cultura, Antonio Montero, e do Concelleiro de Cultura de Gondomar, Xosé Luís Mosquera.



## Xeiras

**A** sí lle chamaban os membros do Seminario de Estudos Galegos aos seus paseos polo país adiante. Empregamos esta mesma denominación para os nosos polo Val Miñor, que pretendemos teñan continuidade e sirvan para que os miñoranos e miñoranas e todas aquelas persoas que ata nós se acheguen para visitarnos, coñezan e valoren algúns dos moitos monumentos históricos, arquitectónicos ou paisaxísticos que atesouran os tres concellos miñoranos.

Comezamos estas actividades cunha xeira inserida dentro do plano de visitas á obra de A. Palacios, que se desenvolveron con motivo da gran exposición *Antonio Palacios. arquitectura e cidade* organizada polo Concello de Vigo e o Círculo de Bellas Artes de Madrid. O sábado 22 de xuño realizamos un percorrido pola obra miñorana do arquitecto porriñés, comezando polo Templo Votivo do Mar de Panxón, seguindo polas casas construídas en Praia América para Celso Méndez e o debuxante Sileno e rematando na Virxe da Rocha de Baiona.


A visita foi guiada polo Prof. Xosé M<sup>a</sup> Ramón Iglesias Veiga, especialista en Palacios e colaborador do IEM (sobre a obra de Palacios en Nigrán véxase o seu traballo no n<sup>o</sup> 1 da Revista de Estudios Miñoranos; sobre o proxecto da Virxe da Rocha véxase o traballo que se recolle nestas mesmas páxinas), quen ao remate da mesma pronunciou unha interesante conferencia no Salón de Actos da Residencia do Instituto Social da Mariña de Panxón.

O xoves 18 de xullo, aproveitando a caída da tarde, xiramos unha visita ao conxunto de petroglifos de Auga da Laxe, na Serra do Galiñeiro, en Vincios. A hora permitiu apreciar en todo o seu esplendor o magnífico panel da Pedra das Procesións, coas súas alabardas, a enorme espada, os escutiformes e demais elementos.

A visita foi guiada polo historiador, especialista en arte rupestre e membro da Xunta de



X.R. Iglesias sinalando as características da Virxe da Rocha. (Foto: A. Bouzó)



No Templo Votivo do Mar. (Foto: A. Bouzó)



Xosé Lois Vilar disertando no petroglifo da Auga da Laxe. (Foto: A. Bouzó)

Goberno do Instituto de Estudos Miñoranos Xosé Lois Vilar Pedreira, quen informou aos asistentes das características destes petroglifos de armas, únicos no Noroeste peninsular e dos máis importantes de Europa, dentro das súas características. Ao tempo visitamos tres muíños naviculares de soporte fixo que Xosé Lois Vilar deu a coñecer no seu momento (ver nº 1 da Revista de Estudos Miñoranos).

Así mesmo, os participantes nesta xeira puideron deleitarse coas magníficas vistas sobre o Val, que se poden contemplar dende a Chan de Valverde, así como da mole granítica do Galiñeiro.

O lugar de encontro da terceira das xeiras, a praza da Casa do Concello de Gondomar, quedou pequeno para acoller aos centos de persoas que se xuntaron para realizar unha visita ao Pazo do Conde de Gondomar.

Baixo a guía de Alfonso Soliño, arquitecto técnico e membro da Xunta de Goberno do IEM, percorremos o camiño, imaxinando o Gondomar doutros tempos, dende o lugar que ocupou, no seu momento, a Porta da Paradela ata a Porta do Sol. Entramos no recinto amurallado polo camiño de Tui, deleitámonos na profundidade do bosque, admiramos o círculo dos enormes magnolios e ao pé das escaleiras que dan acceso á fachada norte recibímonos o XII Conde de Gondomar, D. Gonzalo Fernández de Córdoba y Calleja, quen, despois de dirixir unhas palabras de benvida aos asistentes, nos acompañou a través do edificio ata o patio de armas onde de novo nos ilustrou sobre as vicisitudes do edificio que engrandecera D. Diego Sarmiento de Acuña, I Conde de Gondomar.

Tras contemplar o magnífico conxunto construído dirixímonos á Porta de Baiona, observamos ao fondo a vila do Monte do Boi, recorremos coa mirada as terras miñoranas e as cotas do Galiñeiro. Á anoitecida do dous de agosto, os visitantes, xa en pequenos grupos que non deixaban de gabar as excelencias desta xoia do patrimonio miñorano e galego, regresamos ao centro da vila da que D. Diego tomou o nome para identificar o título nobiliario co que o recoñeceu o rei Filipe III.

As xeiras continuaron o martes 20 de agosto, cunha visita ao conxunto de petroglifos de Os Campos, nos lindes das parroquias de Santa Cristina da Ramallosa e Belesar, no concello de Baiona. A visita foi guiada por quen descubriu estes e moitos outros petroglifos miñoranos, Xosé Lois Vilar Pedreira, quen informou aos asistentes das características deste conxunto de insculturas.

Nestas mesmas páxinas recóllese unha interesante achega, acompañada dunha proposta de conservación, do especialista en petroglifos e colaborador do IEM Francisco Xabier Costas Goberna.

O venres 23 de agosto realizamos unha nova visita, nesta xornada á Igrexa de Santa Baía

de Donas e ao Castro de Pedra Moura entre as parroquias de Donas e Borreiros. Como noutras ocasións a visita foi guiada polos membros da Xunta de Goberno do IEM Xosé Lois Vilar Pedreira e Alfonso Soliño Troncoso.

A Igrexa de Santa Baia de Donas é un dos mellores exemplos do románico no Val Miñor. Segundo Bango Troviso a traza inicial do edificio podería pertencer ao terceiro cuarto do século XII e sería a igrexa do mosteiro feminino de Donas. Aínda se poden advertir os ocos tapiados das portas de comunicación co desaparecido mosteiro de monxas bieitas. Da edificación orixinal consérvanse interesantes elementos, entre os que cumpre destacar a portada de arco semicircular con tres arquivoltas, as columnas con capiteis decorados con temas vexetais ou historiados e as fermosas ventás orixinais enmarcadas cun arco semicircular apoiado en dúas columnas.

Tras visitar a Igrexa de Donas desprazámonos ao Castro de Pedra Moura. Situado nun lugar de privilexio, con inmejorables vistas sobre todo o Val e a ría de Baiona, conserva a muralla defensiva e un foso pola cara sur e parapetos de terra nos laterais leste e oeste, conformando un conxunto de certa complexidade. Segundo as catas realizadas en 1985 constatouse que a muralla defensiva está realizada en bo aparello de pedra, chegando nalgún tramo aos 10 m. de altura sobre o foso. Segundo as indagacións realizadas naquel momento e polos restos cerámicos recollidos dátase no século II antes de Cristo.

Ao peche destas páxinas están programadas dúas visitas máis. Ao conxunto de petroglifos do Monte Tetón, no veciño concello de Tomiño, e aos pazos de Vilarés e Pampillón, en Gondomar. Coma sempre Xosé Lois Vilar e Alfonso Soliño ilustrarannos sobre estas importantes mostras do patrimonio histórico e arquitectónico.



A. Soliño durante a xeira máis masiva ao Pazo do Conde de Gondomar acompañado do actual Conde D. Gonzalo de Córdoba. (Foto: A. Bouzó)



Grupo nas xeiras aos petroglifos. (Foto: A. Bouzó)



## Na lembranza de Nano Cambeiro

---

**N**a xuntanza ordinaria do 12 de xuño de 2002 a Xunta de Goberno do Instituto de Estudos Miñoranos acordou convocar o premio xornalístico "Nano Cambeiro" en memoria e homenaxe do xornalista miñorano e fundador do Instituto de Estudos Miñoranos Nano Cambeiro. O premio ten vocación de permanencia e o Instituto de Estudos Miñoranos será o encargado de asegurar a súa permanencia en anos sucesivos.



M<sup>ra</sup> Antonia Iglesias, Moncha (viuva de Nano), Carlos Méixome, Fernando Casás e Antonio Lago no acto de presentación. (Foto: Lino Pellitero)

Así mesmo, na reunión da Xunta de Goberno do 29 de agosto de 2002 aprobáronse as seguintes bases polas que se rexerá.

### *BASES DO 1º PREMIO XORNALÍSTICO "NANO CAMBEIRO"*

1. O premio outorgarase a aquela colaboración xornalística referida ao Val Miñor realizada en lingua galega e publicada en calquera medio ou método de comunicación: prensa escrita, publicación periódica, radio, televisión, internet, etc...
2. A temática é libre, sempre que sexa evidente a súa relación co Val Miñor no seu conxunto ou con calquera dos tres concellos que o forman.
3. O traballo premiado deberá estar publicado no ano natural anterior ó da entrega do premio. Poderá ser presentado polo seu autor/a, por calquera persoa que así o xulgue ou tamén poderá ser seleccionado por un/unha membro da Xunta de Goberno do IEM. En calquera dos casos, deberá xustificarse a súa publicación no ano natural correspondente (nesta ocasión o ano 2002), rematando o prazo de presentación/selección de traballos o 30 de maio do ano seguinte (nesta ocasión no ano 2003).

A efectos de notificación, o enderezo do Instituto de Estudos Miñoranos é: Apartado de Correos 30, 36380 –Gondomar.

4. O premio, sen dotación económica, consistirá nunha peza escultórica realizada expresamente para o mesmo polo escultor Fernando Casás, natural e veciño do Val Miñor.
5. A persoa ou persoas merecedoras do premio daranse a coñecer aos medios de comunicación no mes de agosto de cada ano, coincidindo co aniversario do falecemento de Nano Cambeiro.
6. O premio será entregado nun acto público organizado polo IEM a celebrar durante o mes de setembro de cada ano.
7. O xurado do premio estará formado pola Xunta de Goberno do Instituto de Estudos Miñoranos, quen decidirá de entre todos os traballos presentados ou seleccionados. A súa decisión será inapelable. O premio podería declararse deserto se así o considerase o xurado.
8. Os membros da Xunta de Goberno do Instituto de Estudos Miñoranos quedan excluídos da súa participación neste premio.

Val Miñor, 29 de agosto de 2002.

Asdo: Antonio Lago  
Secretario da Xunta de Goberno do Instituto de Estudos Miñoranos